

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**2608** *Real decreto 127/2013, do 22 de febreiro, polo que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais.*

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e foi creado polo Decreto 927/1965, do 8 de abril, baixo a denominación de Colexio de Peritos de Montes, denominación despois modificada pola de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais e Peritos de Montes, e posteriormente pola de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, por medio do Real decreto 3115/1982, do 15 de outubro, denominación que se mantén ata a actualidade.

Os cambios introducidos pola Orde CIN/324/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio de enxeñeiro técnico forestal, e os cambios introducidos pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, incorporada ao noso ordenamento a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a través da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que modifica no seu artigo 5 a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, fan necesario adaptar os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, aprobados polo Real decreto 614/1999, do 16 abril.

Deste xeito, co fin de actualizar os seus estatutos e de adaptalos aos novos principios introducidos no noso ordenamento, sobre denominación e contido, apróbanse os novos estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais.

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, oídos os colexios profesionais da súa especialidade, elevou a proposta dos novos estatutos á consideración do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente de acordo coas previsións do artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais.*

Este real decreto ten por obxecto a aprobación dos estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, cuxo texto figura no anexo desta disposición.

Disposición derogatoria única. *Derrogación do Real decreto 614/1999, do 16 de abril.*

Queda derogado o Real decreto 614/1999, do 16 abril, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## ANEXO

### Estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais

#### TÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Natureza e adscrición.*

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, creado polo Decreto 927/1965, do 8 de abril, é o organismo representativo da profesión cando estea suxeita á colexiación obrigatoria, no seu ámbito territorial, e para as relacións internacionais con entidades oficiais e asociacións profesionais doutros países, sen prexuízo das competencias do Consello Xeral de Colexios.

Ten a consideración de corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, conforme o disposto no ordenamento xurídico. Está amparado pola lei e recoñecido polo Estado e a súa natureza é a recoñecida no artigo 36 da Constitución española.

Relacionarase coa Administración xeral do Estado e coas administracións autonómicas a través, respectivamente, do ministerio e das consellarías con competencias en materia forestal, caza, pesca continental e actividades relacionadas coa conservación e mellora do ambiente e o fomento da biodiversidade.

##### Artigo 2. *Membros.*

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais agrupará os titulados enxeñeiros técnicos forestais que, estando en posesión do título universitario oficial ou dalgún que conforme a normativa española ou comunitaria a Administración española competente homologase ou recoñecese, exerzan a profesión de enxeñeiro técnico forestal, así como os posuidores dun título universitario oficial de grao que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico forestal, de acordo co disposto na Orde CIN/324/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da citada profesión, dentro do seu ámbito territorial, sen prexuízo do disposto sobre colexiación única e habilitación no artigo 43 destes estatutos.

##### Artigo 3. *Sede e ámbito territorial.*

1. A sede do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais radicará en Madrid e o seu ámbito abranguerá a totalidade do territorio do Estado, con excepción do das comunidades autónomas en que se constituíse, ou se constitúa nun futuro, segundo o disposto no artigo 36, un colexio autonómico.

2. Para os efectos colexiais, o ámbito territorial do Colexio considérase dividido en tantas delegacións territoriais como comunidades autónomas se encontren incluídas nel e as cidades de Ceuta e Melilla adscribíense á Delegación de Andalucía. Non obstante, poderán agruparse nunha soa delegación territorial os colexiados de dúas ou máis comunidades, a pedimento dos colexiados afectados e co acordo da Xunta de Goberno. A sede destas delegacións fixarase segundo o disposto no artigo 29.3 destes estatutos.

3. Cando os recursos económicos o permitan, e logo de aprobación na Xunta Reitora, as delegacións territoriais ou autonómicas disporán nas súas sedes de local e persoal para o desenvolvemento das súas competencias e servizos, seguindo os criterios de eficacia, conveniencia e solidariedade interterritorial.

## TÍTULO II

### Das funcións e fins do Colexio

#### Artigo 4. *Fins e funcións.*

Son fins esenciais do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais a ordenación do exercicio da profesión de enxeñeiro técnico forestal, a representación institucional desta cando estea suxeita a colexiación obrigatoria, a defensa dos intereses profesionais dos colexiados e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos prestados polos seus colexiados. Todo isto sen prexuízo da competencia das administracións públicas por razón da relación funcional e conforme a lei.

As funcións do Colexio, no seu ámbito territorial, son as seguintes:

1. Emitir informe, nos termos previstos na lexislación aplicable, sobre os proxectos de lei e as disposicións de calquera rango que teñan incidencia na actividade da enxeñaría técnica forestal, ou que se refiran ás condicións xerais da función profesional dos enxeñeiros técnicos forestais e á súa relación con outras profesións, ensino, atribucións e incompatibilidades.

2. Asesorar as administracións públicas, corporacións oficiais, persoas ou entidades particulares en todos aqueles asuntos que afecten directamente a profesión ou os profesionais, realizando estudos, emitindo informes, resolvendo consultas, redactando pregos orientativos de condicións técnicas e económicas, actuando en arbitraxes e demais actividades relacionadas cos seus fins que lle poidan ser solicitados ou acorden formular por iniciativa propia. En ningún caso este tipo de informes, estudos ou consultas poderán ter por obxecto servizos que lles corresponda prestar aos profesionais.

3. Participar nos consellos, comisións técnicas ou organismos consultivos das administracións públicas en materia de competencia da profesión e emitir informe nas modificacións da lexislación vixente en todo canto se refira á profesión.

4. Exercer, no seu ámbito, a representación e defensa da profesión de enxeñeiro técnico forestal, ante as administracións públicas, os tribunais de xustiza, institucións, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten ou poidan afectar os intereses profesionais, e exercer o dereito de petición conforme a lexislación sobre colexios profesionais.

5. O Colexio facilitaralles aos órganos xurisdiccionais a relación de colexiados que poidan ser requiridos para interviren como peritos nos asuntos xudiciais.

6. Velar polos dereitos e deberes dos colexiados, defendéndooos debidamente, sobre todo en cuestións que afecten o interese xeral da profesión, especialmente as que deriven das disposicións legais vixentes, intervindo en todo momento para que non se descoñeza nin se dificulte o seu exercicio.

7. Ordenar, no ámbito da súa competencia, a actividade profesional dos colexiados, que deberá realizarse en réxime de libre competencia. Os acordos, decisións e recomendacións do Colexio terán en conta os límites da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

8. Velar pola ética, a deontoloxía, a dignidade profesional e o respecto debido aos dereitos dos particulares e exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

9. Dispor dun servizo de atención aos colexiados, consumidores ou usuarios, así como ás súas asociacións e organizacións, co fin de atender e resolver as queixas ou reclamacións presentadas por estes, referidas á actividade colexial ou profesional dos colexiados, ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión conforme dereito. A presentación de queixas e reclamacións poderá ser realizada de forma presencial, por vía electrónica ou a distancia.

10. Adoptar as medidas conducentes a evitar a intrusión profesional.

11. Intervir, en vía de conciliación ou arbitraje, nas cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os Colexiados. A arbitraje levarana a cabo avogados en exercicio ou quedará sinalado que será de equidade.

12. Resolver por laudo, por instancia das partes interesadas, as discrepancias que poidan xurdir sobre o incumprimento das obrigas dimanantes dos traballos realizados polos Colexiados. Facilitar un modelo de nota de encarga aos Colexiados que desexen utilizalo.

13. O Colexio poderá elaborar criterios orientativos para os efectos exclusivos da taxación de custas. Eses criterios serán igualmente válidos para o cálculo de honorarios e dereitos que corresponden para os efectos de taxación de custas en asistencia xurídica gratuíta.

14. Establecer a cota de intervención profesional polo visado e polo control de calidade dos traballos profesionais que, se é o caso, se estableza. O seu custo será razoable, non abusivo nin discriminatorio. O Colexio fará públicos os prezos dos visados dos traballos, que poderán ser comprobados e tramitarse por vía telemática. O Colexio visará os traballos profesionais no seu ámbito de competencia unicamente cando se solicite por peticións expresas dos clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales, ou cando así o estableza o Goberno.

15. Establecer a cota de inscrición ou Colexición, tanto para Colexiados como para as sociedades profesionais, que non poderá superar en ningún caso os custos asociados á tramitación da inscrición. O Colexio disporá dos medios necesarios para que os solicitantes poidan tramitar a súa Colexición por vía telemática.

16. Emitir informe nos procedementos xudiciais ou administrativos en que se discutan honorarios profesionais.

17. Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais só por pedimento libre e expreso dos interesados, nas condicións que se determinen nos regulamentos de réxime interior, así como comparecer ante os tribunais de xustiza, por substitución dos Colexiados, exercendo as accións procedentes en reclamación dos honorarios percibidos por estes no exercicio da profesión.

18. Organizar actividades e servizos comúns de interese para os Colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e de previsión, prevendo o sostemento económico cos medios necesarios. A recepción deste tipo de servizos polos Colexiados será voluntaria, logo de solicitude expresa. Así mesmo, os prezos que se cobren aos Colexiados non incluírán custos alleos á prestación específica de que se trate.

19. Informar os Colexiados de todos os asuntos de interese xeral que profesionalmente os poidan afectar.

20. Elaborar un regulamento de réxime interior e, de ser o caso, un código deontolóxico que se axustará ao disposto nas leis e será accesible por vía telemática.

21. Para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, o Colexio disporá dunha páxina web que ofrecerá de forma clara, inequívoca e gratuíta, a través de portelo único, a seguinte información:

a) O acceso ao Rexistro de Colexiados, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, polo menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais Colexiados, número de Colexición, títulos oficiais de que estean en posesión, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.

b) O acceso ao Rexistro de Sociedades Profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

c) As vías de reclamación e os recursos que poderán interporse en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un Colexiado ou o Colexio profesional.

d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás cales os destinatarios dos servizos profesionais se poden dirixir para obteren asistencia.

e) O contido do código deontolóxico, se é o caso.

A través dese portelo único poderanse realizar os seguintes trámites:

– Obter toda a información e os formularios necesarios para o acceso á actividade profesional e ao seu exercicio.

- Presentar toda a documentación e as solicitudes necesarias.
- Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesados e recibir a correspondente notificación dos actos.
- Convocar os colexiados ás asembleas xerais ordinarias e extraordinarias e pór no seu coñecemento a actividade do Colexio.

22. Cumprir e facer cumprir aos colexiados a Constitución e demais leis, os estatutos do Colexio e os regulamentos de réxime interior, así como os acordos e as decisións dos órganos colexiais en materia da súa competencia.

23. Visar os traballos dos colexiados.

a) O Colexio visará os traballos profesionais no seu ámbito de competencia unicamente cando se solicite por peticións expresas dos clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales, ou cando así o estableza o Goberno. Para os casos en que o estableza o Goberno, terase en conta o disposto no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

O obxecto do visado é comprobar, polo menos:

a) A identidade e habilitación profesional do autor do traballo, utilizando para iso os rexistros de colexiados.

b) A corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional de acordo coa normativa aplicable ao traballo de que se trate.

b) O visado expresará claramente cal é o seu obxecto, detallando que aspectos son sometidos a control, e informará sobre a responsabilidade que asume o Colexio. En ningún caso comprende os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación queda suxeita ao libre acordo entre as partes, nin tampouco o control técnico dos elementos facultativos do traballo profesional.

c) En caso de danos derivados dun traballo profesional que visase o Colexio, en que resulte responsable o seu autor, o Colexio responderá subsidiariamente dos danos que teñan a súa orixe en defectos que deberían ter sido postos de manifesto polo Colexio ao visar o traballo profesional, e que garden relación directa cos elementos que se visaron nese traballo concreto.

Cando o visado colexial sexa preceptivo, o seu custo será razoable, non abusivo nin discriminatorio. Os colexios farán públicos os prezos dos visados dos traballos, que se poderán tramitar por vía telemática.

24. Realizar un labor cultural, científico e técnico relacionado coa enxeñaría, a restauración e o uso sustentable dos recursos naturais, establecendo o contacto máis estreito cos organismos competentes e a máis íntima colaboración coa universidade, en especial cos que imparten ensinanzas forestais, e dedicar unha atención preferente á evolución técnica como base da información permanente, co fin de que poidan prestar o mellor servizo á sociedade e harmonizar a relación desta coa natureza.

25. A educación ambiental en todas as súas vertentes, promovendo ademais a formación e investigación nela, así como a implicación de todos os sectores da poboación no desenvolvemento de accións educativas ambientais, fomentando o coñecemento, a conservación e/ou a recuperación do territorio, da biodiversidade, da xardinaría urbana e periurbana e da paisaxe, así como das enerxías renovables e do patrimonio natural, cultural e etnográfico.

26. Promover e divulgar a xestión forestal sustentable, tanto entre os colexiados, como á sociedade en xeral, co fin de potenciar a produtividade, vitalidade, biodiversidade dos montes e mellorar as condicións socioeconómicas dos habitantes do medio rural, fomentando con iso o respecto e a conservación da natureza.

27. Establecer, para un mellor cumprimento das súas funcións, convenios ou contratos de servizos coas administracións públicas, outros colexios profesionais ou entidades para comprobación documental, técnica, sobre o cumprimento da normativa aplicable ou calquera outro aspecto que se considere necesario no ámbito da profesión. En ningún caso

este tipo de servizos poderá ter por obxecto os servizos profesionais propios da profesión, cuxa prestación só pode corresponder directamente aos profesionais.

28. Atender as solicitudes de información sobre os seus Colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lle formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, en particular, no que se refire a que as solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a cal se solicitou.

29. Cantas outras funcións puideren beneficiar os intereses dos Colexiados, así como dos consumidores e usuarios dos seus servizos.

30. Participar na elaboración dos plans de estudo das facultades ou escolas universitarias relacionadas coa profesión, se son requiridos para iso polos ditos centros.

31. Colaborar coas autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea para o cumprimento do principio de asistencia recíproca e adoptar as medidas necesarias para que nos rexistros de Colexiados consten datos suficientes dos prestadores de servizos, para os efectos de que os destinatarios teñan garantías para a resolución de litixios, de conformidade coa Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006.

### TÍTULO III

#### Organización do Colexio

#### CAPÍTULO I

##### Da estrutura e organización colexial

##### Artigo 5. *Órganos directivos.*

Os órganos directivos do Colexio son os seguintes:

1. Asemblea Xeral.
2. Xunta Reitora.
3. Xunta de Goberno.
4. Decano-presidente.

Son órganos directivos das delegacións territoriais os seguintes:

1. Asemblea Territorial de Colexiados.
2. Xunta de Goberno Territorial, de ser o caso.
3. Decano territorial.

#### CAPÍTULO II

##### Das asembleas xerais dos Colexiados

##### Artigo 6. *Natureza.*

A Asemblea Xeral de Colexiados, que se poderá reunir con carácter ordinario e extraordinario, reúne todos os Colexiados e será presidida polo decano-presidente para expresar a vontade do Colexio, e os acordos adoptados por esta serán de obrigado cumprimento para todos os órganos directivos do Colexio, así como para os das delegacións territoriais e para todos e cada un dos Colexiados.

Tanto as asembleas ordinarias coma as extraordinarias constitúense coa asistencia de todos os Colexiados presentes e representados, sendo necesaria para a validez dos



acordos, en primeira convocatoria, a concurrencia da maioría absoluta entre presentes e representados. En segunda convocatoria, que deberá ter lugar despois de transcorridos trinta minutos da hora anunciada para a primeira, serán válidos os acordos, calquera que for o número de presentes e representados.

#### Artigo 7. *Asistencia e delegación de voto.*

Os colexiados asistirán á reunión en persoa, ou delegando o seu voto por escrito noutro colexiado que asista á xunta, salvo para a elección de Xunta de Goberno, en que se exercerá o voto persoal ou por correo.

Só se admitirán as representacións que se lle entreguen ao secretario xeral antes de dar comezo a asemblea xeral.

#### Artigo 8. *Reunións e competencias.*

As reunións de Asemblea Xeral ordinaria terán lugar como mínimo unha vez ao ano, antes do último día do mes de xuño de cada ano. Serán convocadas polo decano-presidente, de acordo coa data, a hora e a orde do día que fixe a Xunta Reitora. Actuará de secretario o secretario xeral do Colexio.

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) A aprobación da acta da sesión anterior.
- b) A aprobación da memoria anual das actividades presentadas pola Xunta de Goberno do Colexio e das delegacións territoriais.
- c) A aprobación das contas do Colexio do ano anterior e dos orzamentos do seguinte, así como o nomeamento de dous colexiados que levarán a cabo unha auditoría das contas do Colexio do exercicio anterior. O exame de toda a documentación económica levarase a cabo necesariamente na sede do Colexio.
- d) A elección dos membros da Xunta de Goberno, así como a ratificación do nomeamento do secretario xeral.
- e) A toma de acordos en relación cos asuntos e coas propostas da Xunta de Goberno e dos colexiados.
- f) A fixación da contía da cota de colexiación, das cotas ordinarias, da cota de intervención profesional, da cota de control de calidade, así como as que, con carácter extraordinario e por razóns que o xustifiquen, propoña a Xunta de Goberno.
- g) A aprobación da modificación dos estatutos do Colexio, de acordo coa proposta que poida formular a Xunta Reitora, para os efectos previstos no artigo 61 destes estatutos.
- h) A disolución do Colexio e, en tal caso, o destino que se dará aos seus bens.

#### Artigo 9. *Asemblea Xeral extraordinaria.*

A Asemblea Xeral extraordinaria reunirase convocada polo decano-presidente, por acordo da Xunta Reitora, ou da Xunta de Goberno ou cando o solicite fidedignamente un dez por cento dos colexiados. Nesa petición concretaranse os asuntos que se van tratar, que serán incluídos na orde do día. Nestes casos, a asemblea xeral extraordinaria deberá ter lugar nun prazo non superior aos corenta e cinco días desde que a Xunta de Goberno reciba a solicitude.

#### Artigo 10. *Convocatoria.*

A convocatoria para as asembleas xerais ordinarias e extraordinarias enviaráselles a todos os colexiados por escrito ou vía telemática, asinada polo secretario xeral, de orde do decano-presidente, con vinte días de antelación como mínimo para as ordinarias e dez para as extraordinarias, e irán acompañadas da orde do día correspondente.



Artigo 11. *Orde do día.*

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, sen prexuízo de que, na quenda de suxestións e preguntas, se poida formular a conveniencia de tratar determinados asuntos en asembleas posteriores.

Artigo 12. *Acordos.*

Os acordos nas asembleas xerais serán tomados por maioría simple de votos dos colexiados asistentes e debidamente representados. As votacións serán secretas cando así o solicite un dos colexiados asistentes e o aprobe a maioría simple dos concorrentes, ou cando se refiran a cuestións cuxa índole o aconselle, ao xuízo do decano-presidente. Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral obrigan a todos os colexiados presentes, ausentes e representados.

Artigo 13. *Actas.*

O secretario xeral redactará acta de cada sesión que realice o órgano colexiado, que especificará necesariamente o número dos asistentes e representados, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e do tempo en que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

As actas aprobaranse na seguinte sesión e o secretario xeral pode, non obstante, emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

## CAPÍTULO III

### Da Xunta de Goberno

Artigo 14. *Natureza.*

A Xunta de Goberno, presidida polo decano-presidente, será o órgano executivo do Colexio, só subordinado ás asembleas xerais e á Xunta Reitora.

Artigo 15. *Composición.*

1. A Xunta de Goberno estará composta polo decano-presidente, o vicedecano, o tesoureiro e seis vogais.

2. A elección dos membros da Xunta de Goberno será por un período de catro anos, podendo ser reelixidos de forma indefinida, coa excepción do decano-presidente, que non poderá permanecer no cargo máis de oito anos.

3. Todos os membros da Xunta de Goberno deberán ser residentes no ámbito territorial do Colexio.

4. Todos os cargos serán honoríficos e sen dereito a ningunha retribución por razón deles. Sen prexuízo do anterior, a actuación profesional de calquera colexiado en actividades organizadas polo Colexio poderá ser retribuída, mesmo no suposto de que se trate de persoa que ocupe algún dos ditos cargos.

Artigo 16. *Elección de cargos.*

A elección de cargos axustarase ás normas democráticas de libre e igual participación de todos os membros do Colexio e de acordo coas seguintes:

1. A elección dos membros da Xunta de Goberno terá lugar mediante votación secreta e a proclamación efectuarase por maioría de votos dos colexiados, tanto dos presentes como daqueles que envían o seu voto por correo. Non se admite a delegación de voto para a elección de cargos.

2. Serán electores e elixibles todos os colexiados que no momento da votación non estean incurso nalgunha das causas recollidas no artigo 44 destes estatutos.

3. O voto exercerase persoalmente ou por correo, de acordo co que estableza o Regulamento de réxime interior co obxecto de garantir a súa autenticidade.

4. Os colexiados que desexen presentarse á elección deberanse agrupar para formar unha candidatura composta por tantas persoas como cargos. A candidatura seralle presentada por escrito, avalada por un mínimo de vinte e cinco colexiados, ao secretario xeral do Colexio, durante a primeira quincena de xaneiro do ano en que corresponda celebrar as eleccións.

Rematado este prazo, darase a coñecer a todos os colexiados a relación completa de candidaturas, especificando os nomes de todos aqueles que se presenten como candidatos.

5. Os colexiados que se presenten á elección poderán realizar, á súa custa, entre os demais colexiados, a propaganda que consideren conveniente.

6. Unha vez elixidos os membros, a toma de posesión da nova Xunta de Goberno levarase a cabo no prazo dun mes e notificaráselles a súa constitución a todos os colexiados e ao ministerio de adscrición.

7. De se produciren vacantes nos vogais da Xunta de Goberno, antes da preceptiva renovación, poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta, ata un máximo de catro vacantes. A duración das funcións do designado coincidirá coa que debería ter a do membro que substitúa. De superarse este número, sería precisa a convocatoria de eleccións aos postos vacantes.

## Artigo 17. *Atribucións.*

A Xunta de Goberno asumirá a dirección e administración do Colexio para a consecución dos seus fins.

Serán atribucións da Xunta de Goberno, entre outras, as seguintes:

1. Cumprir e facer cumprir os estatutos, regulamentos de réxime interior e os acordos das asembleas xerais.

2. Resolver sobre as solicitudes de colexiación, transferindo a facultade resolutoria á Xunta Reitora naqueles casos en que a Xunta de Goberno o considere conveniente.

3. Velar para que se cumpran as condicións exixidas polas leis, os estatutos e os regulamentos para a presentación e proclamación de candidatos aos cargos territoriais.

4. Administrar os bens do Colexio, repartir equitativamente as cargas entre os colexiados e recadar as cotas fixadas polas asembleas xerais.

5. Confeccionar a memoria anual de actividades, á cal se incorporarán as correspondentes das delegacións territoriais, presentando os datos desagregados para cada unha delas. As delegacións territoriais facilitaránlle ao Colexio por vía telemática a información necesaria e no formato determinado polo Colexio para elaborar a súa memoria anual, antes do mes de marzo do ano posterior.

A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano e conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando, se é o caso, as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, se é o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se é o caso, os motivos de estimación ou desestimación da

queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

- e) Os cambios no contido do código deontolóxico, en caso de dispor deste.
  - f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de goberno.
  - g) Información estatística sobre a actividade de visado.
6. Confeccionar os orzamentos económicos anuais.
  7. Confeccionar periodicamente o anuario de colexiados.
  8. Convocar á elección de cargos da Xunta de Goberno central e territoriais.
  9. Comunicarlles aos colexiados os acordos das asembleas xerais.
  10. Asumir a representación dos profesionais colexiados ante as entidades nacionais e internacionais, e defendelos cando o considere pertinente e xusto, ou por petición dos colexiados que puideren resultar prexudicados no desempeño das súas funcións profesionais, ou con motivo destas.
  11. Xestionar en representación do Colexio cantas melloras considere oportunas para o progreso técnico e en beneficio dos intereses da profesión.
  12. Oír os colexiados nas súas reclamacións, asesoralos nas que formulen contra particulares e representalos se for procedente.
  13. Resolver, logo de instrución do oportuno expediente, todo tipo de sancións disciplinarias segundo determinen estes estatutos e os regulamentos de réxime interior.
  14. Convocar eleccións a decano territorial naquela delegación en que non exista, mesmo se poderá designar un interinamente. Mentres dure esta circunstancia a Xunta de Goberno asumirá a representación desta.
  15. Coñecer e aprobar a delegación de funcións dos decanos territoriais, por proposta destes, cando non exista Xunta de Goberno Territorial.

#### Artigo 18. *Convocatorias.*

As convocatorias para as xuntas de goberno faranse de forma telemática ou por escrito do secretario xeral por orde do decano-presidente, a todos os seus membros; fixarán o lugar, a data e a hora, con sete días de antelación como mínimo, e xuntaráselles a orde do día e a última acta para a súa aprobación.

#### Artigo 19. *Acordos.*

Nas reunións da Xunta de Goberno os acordos tomaranse por maioría e para a súa validez cumprirá a presenza da metade máis un dos seus membros, en primeira convocatoria, e, en segunda, serán válidos os acordos coa presenza, cando menos, de catro membros, sempre que un deles sexa o decano-presidente, ou o vicedecano en funcións de decano-presidente. En segunda convocatoria, a reunión deberá ter lugar despois de transcorridos trinta minutos da hora anunciada para a primeira.

O voto será persoal para os membros da Xunta de Goberno e non se admite delegación. En caso de empate decidirá o voto de calidade do decano-presidente.

#### Artigo 20. *Periodicidade.*

1. A Xunta de Goberno reunirase preceptivamente con carácter ordinario mensualmente, salvo nas vacacións estivais, e con carácter extraordinario cando fose convocada polo decano-presidente, por si ou por petición de tres dos seus membros.

2. A Xunta de Goberno poderá acordar a constitución dunha comisión permanente para aqueles asuntos que requiran unha resolución urxente, que estará constituída por aqueles dos seus membros que se determinen no Regulamento de réxime interior.

## CAPÍTULO IV

### Da Xunta Reitora

#### Artigo 21. *Natureza.*

A Xunta Reitora é o órgano superior de goberno do Colexio, presidido polo decano-presidente, que agrupa a Xunta de Goberno e os decanos territoriais, para un mellor coñecemento das cuestións profesionais, así como un maior atino na toma de decisións, unicamente subordinado ás asembleas xerais, cuxos acordos executará.

#### Artigo 22. *Funcións.*

Correspóndenlle á Xunta Reitora, entre outros, as seguintes funcións:

1. Fixar a data, a hora e a orde do día en que teñan lugar as asembleas ordinarias e extraordinarias. Neste último caso terase en conta o disposto no artigo 9 destes estatutos. Para sinalar a orde do día deberá ter en consideración as propostas dos Colexiados comunicadas conforme o disposto no artigo 47.7 destes estatutos.

2. Vixiar o cumprimento dos estatutos e dos acordos que se adopten nas xuntas xerais.

3. Resolver en última instancia Colexial calquera recurso que poidan suscitar os Colexiados contra os acordos da Asemblea Territorial ou da Xunta de Goberno.

4. Ratificar ou, de ser o caso, rectificar as resolucións que por razón de urxencia adopte a Xunta de Goberno e acordar o cesamento dos decanos territoriais.

5. Resolver sobre a admisión de Colexiados naqueles casos que lle someta a Xunta de Goberno.

6. Proporlle á Asemblea as modificacións de estatutos, así como do Regulamento de réxime interior cando se xulgue necesario ou conveniente.

7. Coñecer a memoria anual, así como as contas que formule a Xunta de Goberno e as xuntas de goberno territoriais, para posteriormente sometelas á Asemblea Xeral.

8. Coñecer os orzamentos anuais de gastos que formule a Xunta de Goberno como consolidación do orzamento xeral cos presentados polas distintas delegacións territoriais, para posteriormente sometelos á Asemblea Xeral.

9. Recoller para o estudo e a resolución pertinente todas as cuestións que sometan os decanos territoriais, en relación coas competencias do Colexio.

10. Ser informado de todo tipo de sancións disciplinarias, segundo determinen estes estatutos e o Regulamento de réxime interior.

11. Establecer, no seo da Xunta Reitora ou abertas as comisións ou comités que considere necesarios para o mellor cumprimento dos fins do Colexio. Estes rexeranse polo que determine o Regulamento de réxime interior e crearanse, cando menos, os seguintes:

- a) Comité Asesor.
- b) Comisión de Réxime Interior, Disciplina e Deontolóxica.
- c) Comisión de Visados e Control de Calidade dos Traballos Profesionais.
- d) Comisión de Patrimonio e Administración.
- e) Comisión de Formación.
- f) Comisión de Divulgación e Relacións Externas.

12. Coñecer, examinar e resolver sobre cuestións que lle someta a Xunta de Goberno e todas aquelas que se prevexan nestes estatutos e que non sexan competencia explícita da Asemblea Xeral.

13. A designación de Colexiados de honra e as distincións que, para os Colexiados, determine o Regulamento de réxime interior.

14. Cambiar o domicilio social do Colexio e dar conta del á Administración e aos Colexiados.

15. Aprobar as normas de funcionamento do Rexistro de Sociedades Profesionais e decidir sobre o pagamento e a contía dos dereitos de incorporación ao Rexistro de Sociedades Profesionais da escritura de constitución e dos demais actos inscribibles. Estas cantidades e as súas condicións de pagamento non poderán ser, en ningún caso, discriminatorias en relación coas que correspondan aos colexiados persoas físicas.

16. Coñecer, examinar e resolver as propostas realizadas pola Xunta de Goberno de compra ou alugamento de locais para as sedes territoriais, así como do persoal necesario nelas e sempre baixo os principios de eficacia, conveniencia e solidariedade interterritorial.

#### Artigo 23. *Periodicidade e acordos.*

1. A Xunta Reitora reunirse, con carácter ordinario, antes do vinte e oito de febreiro de cada ano, por convocatoria escrita do secretario xeral, de orde do decano-presidente e, con carácter extraordinario, cando for convocada polo decano-presidente, por si ou por petición dun terzo dos seus membros. Neste último caso será de aplicación o prazo máximo establecido no artigo 9 destes estatutos.

2. Os acordos tomaranse por maioría e para a súa validez será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria, e en segunda terán validez coa presenza cando menos da metade máis un, sempre que un deles sexa o decano-presidente ou o vicedecano en funcións de decano-presidente. O voto será persoal. O voto do decano-presidente decidirá en caso de empate.

3. Non será admisible a representación por delegación de ningún dos seus membros salvo cando por causa de forza maior, debidamente xustificada ante o decano-presidente, un decano territorial non poida asistir á reunión, que poderá enviar na súa representación un membro da Xunta de Goberno Territorial ou un decano provincial, quen terá voz e voto.

4. En segunda convocatoria a reunión deberá realizarse despois de transcorridos trinta minutos da hora anunciada para a primeira.

## CAPÍTULO V

### Do decano-presidente

#### Artigo 24. *Funcións do decano-presidente.*

Correspóndenlle ao decano-presidente, entre outras, as seguintes funcións:

1. Exercer a representación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, da Xunta Reitora ou da Xunta de Goberno ante as autoridades, tribunais de xustiza, organismos oficiais, nacionais e internacionais, e particulares.

2. Levar a dirección do Colexio auxiliado pola Xunta de Goberno e decidir en cantos asuntos sexan de urxencia, dándolle conta das súas decisións á Xunta de Goberno, para a súa ratificación ou non, no prazo mínimo que a natureza do acordo exixa.

3. Presidir e dirixir as asembleas xerais, a Xunta Reitora, a Xunta de Goberno, as comisións -salvo a Comisión de Disciplina a que se refire o artigo 55 destes estatutos- e as reunións a que asista, tendo en todas elas voto de calidade, en caso de empate, e dando por rematadas as sesións cando o considere oportuno. Fixar a orde do día das reunións da Xunta de Goberno, sinalando o lugar, o día e a hora de realización.

4. Autorizar co seu visto e praxe as actas de cantas sesións teñan lugar baixo a súa presidencia e os investimentos de fondos do Colexio, de acordo co previsto para o efecto nestes estatutos ou o que se prevexa nos regulamentos internos.

5. Autorizar, coa súa sinatura, todas as certificacións acreditativas que expida o secretario xeral.

6. Designar os avogados e procuradores que deban defender ou informar sobre os intereses do Colexio ou os colexiados.

7. Asinar os escritos que, en nome do Colexio, se dirixan a autoridades, corporacións e particulares, sen prexuízo das atribucións dos órganos de goberno das demarcacións territoriais.

8. Autorizar a apertura, o ingreso e a retirada de fondos das contas bancarias do Colexio, unindo a súa sinatura á do tesoreiro ou do vicedecano.

9. Adquirir e allear bens do Colexio, logo de acordo da Xunta Reitora.

10. Certificar e asinar os nomeamentos dos membros electos da Xunta de Goberno e dos decanos territoriais elixidos nas súas respectivas demarcacións, ou asinar o seu cesamento, logo de acordo da Xunta Reitora.

11. Supervisar por si ou delegar no vicedecano o funcionamento dos servizos administrativos do Colexio.

12. Todas as demais funcións que decida a Asemblea Xeral, a Xunta Reitora ou a Xunta de Goberno, na esfera das súas respectivas competencias.

## CAPÍTULO VI

### Do vicedecano

Artigo 25. *Funcións do vicedecano.*

O vicedecano asumirá as funcións de decano-presidente accidental nos supostos de ausencia, enfermidade, dimisión ou falecemento do decano-presidente.

O vicedecano substituirá o decano-presidente naqueles outros labores ou funcións que expresamente lle delegue o decano-presidente.

## CAPÍTULO VII

### Do secretario xeral

Artigo 26. *Funcións do secretario xeral.*

O secretario xeral do Colexio será designado, de entre os membros do Colexio, pola Xunta de Goberno e ratificado pola Asemblea Xeral. Para o seu cesamento será necesario acordo da Xunta de Goberno con posterior ratificación da Asemblea Xeral. Será o único cargo que percibirá remuneración do Colexio por esa razón.

Asistirá ás reunións da Xunta de Goberno e da Xunta Reitora e en ambos os dous casos terá voz pero non voto. Igualmente actuará de secretario nas reunións de asemblea, e neste caso terá voz e voto.

Serán funcións do secretario xeral:

1. A xefatura dos servizos administrativos do Colexio, así como do persoal adscrito a eles.
2. O visado dos traballos profesionais.
3. Dirixir e asinar todas as comunicacións e circulares que se deban remitir por orde do decano-presidente, da Xunta Reitora e da Xunta de Goberno.
4. Redactar e asinar todas as actas das reunións das asembleas xerais e da Xunta Reitora e Xunta de Goberno, que levarán o visto e prace do decano-presidente.
5. Levar os seguintes libros ou rexistros informáticos:
  - a) Libro de visados.
  - b) Libros de contabilidade do Colexio, de acordo co tesoreiro.
  - c) Libros de actas ou documentos que poidan substituílos legalmente, nos cales constarán cronoloxicamente as actas de todas as reunións dos órganos do Colexio que se realicen.
  - d) Libros de entrada e saída de documentos.
  - e) Libro de certificacións.
  - f) Libro de colexiados, así como os ficheiros correspondentes, que deberán estar actualizados en todo momento.



6. Custodiar os selos e a documentación do Colexio.
7. Redactar a memoria das actividades do Colexio a sometela á Xunta Reitora e, no seu día, á Asemblea Xeral.
8. Preparar as asembleas xerais e reunións da Xunta Reitora e da Xunta de Goberno e enviarlles aos seus membros, coa debida antelación, toda a información que proceda.
9. Recibir, dándolle conta ao decano-presidente, todas as comunicacións dirixidas ao Colexio.
10. Expedir, co visto e prace do decano-presidente, as certificacións que lle sexan solicitadas e estean de acordo con estes estatutos e regulamentos aprobados.
11. Atender os visitantes, tratando de resolver e aclarar as consultas que lle formulen e que sexan de competencia do Colexio.
12. Manter contacto directo e frecuente coas delegacións territoriais, recibindo e enviando as informacións que se consideren de interese e o que determinen os regulamentos aprobados.
13. Todos os demais inherentes ao cargo, que sexan da súa competencia e os que lle encomende o decano-presidente, a Xunta de Goberno ou a Xunta Reitora.
14. Levar e xestionar o Rexistro de Sociedades Profesionais.
15. Conservar, xestionar e manter actualizada a base de datos do Colexio.
16. Conservar, xestionar e manter actualizada a páxina web do Colexio e o portelo único.

## CAPÍTULO VIII

### Do tesoureiro

#### Artigo 27. *Funcións do tesoureiro.*

Correspóndelle ao tesoureiro a xestión económica do Colexio, para cuxo fin se lle encomendan as seguintes funcións:

1. Confeccionar o orzamento anual do Colexio, tendo en conta os orzamentos das delegacións territoriais.
2. Formalizar todos os semestres, e en unión do secretario xeral, as correspondentes contas de ingresos e gastos de todos os órganos do Colexio, sometendo o balance á Xunta de Goberno e dando conta do estado de caixa.
3. Xestionar a apertura e cancelación de contas bancarias. Para a mobilización de fondos deberán utilizarse dúas sinaturas mancomunadas; das tres recoñecidas que existen, a do decano-presidente, vicedecano e tesoureiro.
4. Formalizar as contas anuais sometendoas á Xunta de Goberno e á Xunta Reitora para que, unha vez formuladas, sexan presentadas á aprobación da Asemblea Xeral.
5. Informar a Xunta de Goberno e a Xunta Reitora, cando se requira para iso, da marcha económica do Colexio.
6. Ser administrador dos bens do Colexio.

## CAPÍTULO IX

### Dos vogais

#### Artigo 28. *Funcións dos vogais.*

Correspóndelles aos vogais:

1. Colaborar nos traballos da Xunta de Goberno e da Xunta Reitora, asistindo ás súas deliberacións e reunións.
2. Formar parte das comisións ou ponencias que se constitúan para o estudo e desenvolvemento de cuestións e asuntos determinados, presidíndoas, de ser o caso, por acordo da Xunta Reitora ou da Xunta de Goberno.



3. Todas as funcións que lles encomenden o decano-presidente, ou a Xunta de Goberno.

## CAPÍTULO X

### Das delegacións territoriais e provinciais

#### Artigo 29. *Ámbito territorial e adscrición.*

1. Para o mellor desenvolvemento, funcionamento e cumprimento dos fins deste colexio oficial, divídese o territorio en delegacións territoriais, que coincidirán coas comunidades autónomas do Estado, ben que poderá haber delegacións territoriais que agrupen os colexiados de máis dunha comunidade autónoma, conforme o establecido no artigo 3.º.2 destes estatutos. As cidades de Ceuta e Melilla adscribíense á Delegación Territorial de Andalucía.

2. En cada provincia poderase constituír unha delegación provincial, sempre que así o acorde a Asemblea Territorial.

3. A sede da delegación territorial establecerase por acordo da Xunta Reitora por proposta da Asemblea Territorial.

4. Os colexiados adscribíranse ás distintas delegacións territoriais en función do seu domicilio profesional. Os colexiados con residencia profesional no estranxeiro ou fóra do ámbito territorial do Colexio estarán adscritos á delegación territorial que eles indiquen.

#### Artigo 30. *Modificación do ámbito territorial.*

As delegacións territoriais, no que respecta ao seu territorio, poderanse modificar dentro dos límites do establecido no artigo anterior, sempre que o acorden as asembleas das delegacións afectadas e o ratifique a Asemblea Xeral do Colexio. O procedemento regularase no Regulamento de réxime interior.

#### Artigo 31. *Natureza e órganos directivos.*

Dentro do seu territorio, as delegacións territoriais exercerán con respecto aos colexiados inscritos nelas as actuacións necesarias para o cumprimento dos fins do Colexio e, en especial, coidarán da defensa dos intereses profesionais dos seus membros.

1. Son órganos directivos das delegacións territoriais:

a) A Asemblea Territorial. Terá lugar con carácter ordinario antes do trinta de maio de cada ano e, con carácter extraordinario, cantas veces a convoque a Xunta de Goberno, o decano-presidente, o decano territorial, a Xunta de Goberno Territorial, de existir, ou o 10% dos colexiados desa demarcación. Neste último suposto, a Asemblea será convocada no prazo máximo de 30 días contados desde que se reciba a solicitude.

A Asemblea poderá aprobar o seu propio Regulamento de réxime interior, que será remitido á Xunta de Goberno para a súa ratificación ou rectificación, o cal non poderá ir en contra dos presentes estatutos e do Regulamento de réxime interior xeral do Colexio.

b) O decano territorial da delegación.

c) A Xunta de Goberno Territorial. No caso de que a Asemblea Xeral Territorial acorde a súa constitución e cos cargos que nela se decidan, estará composta por un decano territorial e un máximo de catro vogais. Os acordos na Xunta de Goberno Territorial tomaranse por maioría, e para a súa validez cumprirá a asistencia da metade máis un dos seus membros e sempre a presenza do decano territorial, e a posterior ratificación da Xunta de Goberno.

2. Aos órganos das delegacións territoriais aplicaráselles, no que proceda, as regras establecidas para os órganos do Colexio.

3. O procedemento de elección de cargos axustarase ao establecido no artigo 16 destes estatutos, coas seguintes peculiaridades:

- a) A elección do decano territorial ou dos membros da Xunta de Goberno Territorial será por un período de catro anos e pode presentarse á reelección de forma indefinida.
- b) O decano territorial e, de ser o caso, todos os membros da Xunta de Goberno Territorial deberán ser residentes no ámbito territorial da delegación.
- c) Serán electores e elixibles os colexiados da correspondente delegación territorial.
- d) O período electoral será fixado, antes da asemblea territorial ordinaria, pola Xunta de Goberno, o decano-presidente ou o decano territorial, e, de non existir, pola Xunta Reitora, á cal se deberán enviar as candidaturas, avaladas por un 5% dos colexiados.
- e) Os colexiados elixidos tomarán posesión dos seus cargos no prazo dun mes, ante o decano-presidente, e esta toma de posesión comunicáraselle á Xunta Reitora.
- f) Todos os cargos serán honoríficos e sen dereito a retribución ningunha por razón deles. Sen prexuízo do anterior, a actuación profesional de calquera colexiado en actividades organizadas polo Colexio poderá ser retribuída, mesmo no suposto de que se trate de persoa que ocupe algún dos ditos cargos.
- g) No caso de que a Xunta de Goberno Territorial designe un secretario, este non percibirá remuneración de ningún tipo.

### Artigo 32. *Delegación de funcións e substitución.*

1. En caso de ausencia, enfermidade, morte ou dimisión do decano territorial, substituirao interinamente un membro da Xunta de Goberno Territorial. En caso de que non exista, o decano provincial de máis idade e, en caso de non existir este, será de aplicación o disposto no artigo 17.14. A substitución prolongarase mentres duren tales circunstancias ou se efectúe a elección regulamentaria.

2. O decano territorial, baixo a súa responsabilidade, pode delegar en calquera dos membros da Xunta de Goberno Territorial as súas funcións, sempre que existan motivos suficientemente xustificadas para isto. Esta delegación debe pórse en coñecemento da Xunta de Goberno do Colexio previamente e comunicarse á Xunta Reitora.

3. En caso de non existir Xunta de Goberno Territorial, a delegación de funcións deberá ser comunicada e aprobada pola Xunta de Goberno do Colexio.

### Artigo 33. *Funcións do decano territorial.*

O decano territorial exercerá a representación do Colexio ante toda clase de organismos, entidades e corporacións no seu ámbito territorial, en sintonía coa Xunta de Goberno.

Correspóndelle:

1. Levar a dirección do Colexio no seu territorio e desempeñar por delegación todas as funcións que lle encomende a Xunta de Goberno e, por iniciativa propia, todas cantas sexan polo ben e os fins do Colexio e non se opoñan ou interfiran con aquelas, nin con estes estatutos nin cos regulamentos que se aproben.

2. Atender as consultas que lle dirixan os colexiados, autoridades, corporacións e particulares e resolver cantos asuntos de urxencia se presenten, sen prexuízo de comunicarlles as súas resolucións á Xunta de Goberno e á Xunta Reitora, que tomará coñecemento ratificando, ou non, o dito acordo.

3. Tramitar as reclamacións de toda índole que lle dirixan.

4. Redactar todos os anos unha breve memoria das actividades da delegación que lle remitirá á Xunta de Goberno dentro do mes de xaneiro de cada ano, para incorporar, se é o caso, á memoria anual do Colexio.

5. Será o responsable directo do envío dos resumos contables e dos datos necesarios para obrigas fiscais.

6. Actuará na Xunta Reitora como voceiro dos colexiados do seu territorio, aos cales manterá informados das reunións daquela e, en xeral, de canto afecte os intereses de todo tipo dos colexiados. A súa actuación poderá ser impugnada por estes ante a Xunta Reitora e pola propia Xunta Reitora.

7. Visar os traballos profesionais por delegación, expresa, do secretario xeral.

Artigo 34. *Funcións da Xunta de Goberno Territorial.*

Aos membros da Xunta de Goberno Territorial seranlles de aplicación, respectivamente, as mesmas funcións que se definen nos artigos 26 ao 28 destes estatutos, sempre reducidas ao seu ámbito territorial.

Artigo 35. *Decano provincial.*

1. No caso de así o ter acordado a Asemblea Xeral Territorial, simultaneamente coas eleccións que se celebren para a elección de cargos das delegacións territoriais, os colexiados con domicilio profesional en cada provincia poderán elixir un decano provincial.

2. O decano provincial, baixo a dirección e supervisión do decano territorial, actúa na provincia coas mesmas facultades que o decano territorial no seu ámbito, rendéndolle contas inescusablemente a aquel.

## CAPÍTULO XI

### Da segregación de delegacións territoriais

Artigo 36. *Segregación.*

1. Cada delegación territorial do Colexio poderá acordar, por maioría dos seus colexiados, a segregación para constituír un colexio independente, sempre que o ámbito da delegación coincida co dunha comunidade autónoma. Para tal efecto, coa supervisión da Xunta de Goberno, o órgano de goberno da delegación someterá a segregación a todos os colexiados. O procedemento que se debe seguir regularase no Regulamento de réxime interior. O acordo de segregación só se entenderá validamente adoptado se dous terzos dos colexiados con domicilio profesional domiciliados na delegación autonómica votan en sentido favorable a segregación.

2. A delegación territorial cuxos colexiados decidisen constituír un colexio independente deberalle solicitar á comunidade autónoma correspondente que aprobe a creación do colexio autonómico e os seus estatutos.

3. O acordo de creación dun colexio autonómico por segregación dunha delegación territorial seralles comunicado a todos os colexiados, mediante circular, así como ao ministerio de adscrición.

4. A segregación de delegacións para formar un colexio independente non implicará a modificación dos presentes estatutos nin o cambio de denominación do Colexio. O Colexio manterá a súa personalidade xurídica, continuará representando a titularidade dos mesmos dereitos e obrigas para todos os efectos.

5. Todo o anterior enténdese sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

6. Entenderase que o novo colexio segregado comeza a funcionar logo de seren aprobados os seus estatutos e elixidos os seus cargos. Quen ata ese momento fose decano territorial deberá comunicarlle esta circunstancia á Xunta de Goberno do Colexio. O decano do Colexio autonómico, de acordo con quen fose ata ese momento decano territorial, remitiralle á Xunta de Goberno do Colexio o balance -pechado na data en que entre en funcionamento o novo colexio- de todos os bens do colexio de que se segregou e a restante documentación colexial, manténdose ata ese momento a organización da delegación territorial para todos os efectos.

## TÍTULO IV

### Dos colexiados

#### Artigo 37. *Clases de membros.*

1. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais estará integrado por dúas clases de membros: colexiados de honra e colexiados de número.

2. As sociedades profesionais a que se refire a Lei 2/2007, do 15 de marzo, cuxo obxecto social sexa o exercicio da actividade profesional única ou multidisciplinar da enxeñaría técnica forestal, deberán inscribirse no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio e, desde ese momento, consideraranse incorporadas a este. A inscrición levarase a cabo co fin de que o Colexio exerza sobre elas as competencias que lles outorga o ordenamento xurídico sobre os profesionais colexiados.

3. En ningún caso o exercicio mediante sociedades profesionais poderá levar consigo a imposición de cargas ou o tratamento discriminatorios en relación co exercicio individual.

#### Artigo 38. *Colexiado de honra.*

O título de colexiado de honra seralles outorgado pola Asemblea Xeral de colexiados, por proposta da Xunta Reitora, a persoas ou corporacións que se fixesen acreedoras de tal distinción por teren rendido servizos extraordinarios á profesión, estean ou non en posesión do título de enxeñeiro técnico forestal, e requirirase a maioría absoluta dos concorrentes á asemblea xeral, presentes ou representados.

#### Artigo 39. *Colexiado de número.*

Para ser colexiado de número débese estar en posesión dalgún dos títulos que, conforme a normativa vixente, habiliten para exercer a profesión de enxeñeiro técnico forestal.

#### Artigo 40. *Exercicio da profesión.*

1. Para exercer legalmente a profesión de enxeñeiro técnico forestal, ademais de posuír o título correspondente, será requisito indispensable estar inscrito como colexiado de número no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais cando así o estableza unha lei estatal, ou formar parte dunha sociedade profesional debidamente inscrita no Colexio e que cumpra coa lexislación vixente en materia de sociedades profesionais, segundo o disposto no artigo 2.6 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

2. A pertenza ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais non afecta os dereitos de sindicación ou asociación dos colexiados.

#### Artigo 41. *Solicitud de ingreso.*

1. O ingreso no Colexio solicitarase por escrito dirixido ao decano-presidente ou por portelo único, directamente, ou a través da delegación territorial, xuntando o título oficial, o seu testemuño legalizado ou xustificante de telo solicitado, con certificación académica de estar en condicións de poder ser expedido.

Cos documentos xustificativos de que o solicitante reúne os requisitos exixidos, a Xunta de Goberno admitirá obrigatoriamente a solicitude. Unha vez resolta a solicitude de colexiación, comunicaráselle ao interesado.

2. Cando o solicitante proceda dunha situación fidedigna de baixa, segundo o artigo 44.1, só será necesaria a presentación de solicitude e o pagamento das cotas de ingreso.

3. Se a baixa fose por débedas reiteradas, deberase xuntar á solicitude, ademais da cota de ingreso, a cantidade debida, máis os xuros legais que correspondan.

Artigo 42. *Denegación de solicitude de colexiación.*

1. A Xunta de Goberno poderá denegar a solicitude de colexiación de considerar que a documentación achegada polo solicitante non foi verificada polo órgano colexial competente. En tal caso prevese a posibilidade de emendar a solicitude por aplicación do suposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo; ou cando o interesado estivese a cumprir condena imposta por tribunal ordinario de Xustiza que comporte como pena accesoria a inhabilitación, absoluta ou parcial, para o exercicio da profesión.

2. En caso de denegación da solicitude de ingreso, o afectado poderá recorrer contra o acordo perante a Xunta Reitora, nun prazo dun mes, que deberá resolver nun prazo máximo de tres meses. Contra o dito acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo. Se no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude de ingreso non se ditase resolución ao respecto, poderase entender estimada.

Ademais, para recuperar a condición de colexiado, de ser o caso, haberá que probar que se posúen os requisitos para a colexiación, se os incumpría, ou que obtivese a rehabilitación ou caducase a sanción de calquera clase que deu lugar á perda da súa condición de colexiado, e solicitar a admisión e que esta sexa aceptada.

Artigo 43. *Exercicio da profesión de profesionais fóra do ámbito do Colexio.*

1. De conformidade co disposto no artigo 3.3 da Lei de colexios profesionais, os profesionais incorporados a calquera outro colexio autonómico, se é o caso, poderán exercer en todo o territorio do Estado, de acordo coas seguintes condicións.

a) Abondará a incorporación a un só deles, que será o do domicilio profesional único ou principal, para exercer en todo o territorio español.

b) O Colexio non lles exixirá aos profesionais que exerzan nun territorio diferente ao do seu ámbito territorial comunicación nin habilitación ningunha nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que lles exixa habitualmente aos seus colexiados pola prestación dos servizos de que sexan beneficiarios e que non se encontren cubertos pola cota colexial.

c) Nos supostos de exercicio profesional en territorio distinto ao de colexiación, para os efectos de exercer as competencias de ordenación e potestade disciplinaria que lle corresponden ao colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional, en beneficio dos consumidores e usuarios, o Colexio deberá utilizar os oportunos mecanismos de comunicación e os sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. As sancións impostas, se é o caso, polo colexio do territorio en que se exerza a actividade profesional producirán efectos en todo o territorio español.

2. No caso de desprazamento temporal dun profesional doutro Estado membro da Unión Europea terase en conta o disposto na normativa vixente en aplicación do dereito comunitario relativa ao recoñecemento de cualificacións. En calquera caso, será de aplicación para a libre prestación de servizos o regulado polo Real decreto 1837/2008, segundo o cal, para exercer de forma temporal, abondará a comunicación á autoridade competente.

Artigo 44. *Baixas.*

Todas as situacións de baixa serán acordadas pola Xunta de Goberno e postas en coñecemento da Xunta Reitora.

1. A condición de colexiado de número pérdese:

a) Por baixa voluntaria, ao deixar de exercer a profesión, comunicada fidedignamente por escrito dirixido ao decano-presidente do Colexio cun mes de antelación como mínimo. A dita baixa non exime do pagamento das cotas pendentes.

b) Por deixar sen pagar dúas cotas colexiais ordinarias ou unha extraordinaria. Neste caso, antes de proceder á baixa, procederá a darlle un aviso ao colexiado para darlle a oportunidade de emendar o problema.

c) Por expulsión do Colexio acordada segundo o disposto nestes estatutos ou, no seu desenvolvemento, polo Regulamento de réxime interior; o interesado poderá interpor recurso ante a Xunta Reitora dentro do prazo dun mes. A resolución deste recurso poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

d) Por sentenza xudicial firme que inhabilite o colexiado para o exercicio da profesión. A inhabilitación pode ser especial ou absoluta.

e) Por perda das condicións que permitiron a colexiación.

f) Por morte ou declaración de falecemento.

2. As sociedades profesionais causarán baixa no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio cando:

a) Se procedese á súa disolución.

b) O Colexio lle impuxese ao colexiado pertencente a ela unha sanción firme que comportase a súa expulsión e na sociedade non houber outro colexiado enxeñeiro técnico forestal.

c) Se elimina do obxecto social a actividade profesional propia dos enxeñeiros técnicos forestais.

Non obstante, caberá a nova inscrición da sociedade profesional cando se proceda á súa reactivación por ser legalmente posible.

#### Artigo 45. *Suspensión de servizos.*

Sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo 44, os servizos que presta o Colexio suspenderanse aos colexiados mentres non satisfagan ou xustifiquen o aboamento dalgunha cota impagada. Esta situación notificaráselle previamente ao interesado.

#### Artigo 46. *Obrigas dos colexiados.*

1. As obrigas dos colexiados son as seguintes:

a) Acatar e cumprir cantas prescricións conteñen estes estatutos, así como os regulamentos de réxime interior e cantos acordos se adopten con suxeición a eles.

b) Aceptar os labores que lles encomenden os órganos de goberno do Colexio. Estas tarefas circunscribiranse a fins de interese xeral da profesión e evitarase impor obrigas aos operadores no mercado que supoñan a aceptación de encargos profesionais a través do Colexio.

c) Exercer a profesión cumprindo os preceptos e as normas das disposicións legais vixentes e actuando dentro das normas da libre competencia, con respecto cara aos compañeiros e sen incorrer na competencia desleal.

d) Pagar as cotas ordinarias e extraordinarias e os dereitos que fosen aprobados pola Asemblea Xeral para o sostemento do Colexio, así como os que se acorden como voluntarios, para fins de previsión, no suposto de que os acollese; para tales efectos, deberá comunicarlle ao Colexio os cambios de domicilio e/ou de datos bancarios en canto se produzan.

e) Visado.

1.º Someter a visado do Colexio os traballos que realicen no exercicio da profesión determinados pola lexislación vixente, en consonancia co disposto polo artigo 13.1 da Lei de colexios profesionais e o artigo 4.25 destes estatutos, e aboarlle ao Colexio a cota de intervención profesional que se estableza pola práctica destes.

2.º Nos traballos profesionais que se sometan a visado, este expedirase a favor da sociedade profesional ou do profesional ou profesionais colexiados que se responsabilicen do traballo en consonancia co disposto na Lei de colexios profesionais.



3.º O Regulamento de réxime interior poderá regular o procedemento de visado en consonancia co disposto na Lei de Colexios profesionais.

4.º Sen prexuízo do disposto no artigo 4.25 sobre función do visado, o Colexiado asinante é responsable da calidade técnica do traballo que realiza, da súa viabilidade e do seu axuste á normativa sectorial correspondente; o Colexio unicamente responde da corrección externa da documentación integrante do traballo, pero non das previsións, cálculos e conclusións que o integran.

f) Comunicarlle ao Colexio, directamente ou a través da súa delegación territorial, os casos de intrusión profesional de persoas alleas ao Colexio e de incumprimento destes estatutos por parte de Colexiados dos cales teña coñecemento.

2. As sociedades profesionais inscritas estarán obrigadas a cumprir as presentes normas estatutarias e as demais que acorde o Colexio, ben que poderá quedar sen cotas Colexiais sempre que estas sexan satisfeitas polos socios Colexiados.

#### Artigo 47. Dereitos dos Colexiados.

1. Son dereitos dos Colexiados de número con carácter xeral:

a) A defensa polo Colexio, cando sexan tratados inxustamente no exercicio profesional ou por motivos deste.

b) Ser representados polos órganos do Colexio e asistidos polo avogado e procurador dos tribunais que se determinen, se é o caso, co fin de presentar reclamacións ante as autoridades, entidades ou particulares, sempre que aquelas estean relacionadas co exercicio profesional e o Colexiado cumprise as obrigas derivadas destes estatutos ou sexan de interese xeral.

c) Ser candidatos e electores para todos os cargos dos órganos de goberno do Colexio -agás para os cargos de decano-presidente e vicedecano, para os cales será necesaria unha antigüidade Colexial de cinco anos-, asistir e expresar a súa voz e voto, en todas as asembleas xerais do Colexio ou da súa delegación que teñan lugar.

d) Interpor ante a Xunta Reitora do Colexio recurso de queixa contra a actuación do decano territorial ou provincial, ou dalgún membro da propia Xunta Reitora, cando esta se considere inxusta, lesiva ou contraria ás disposicións legais ou aos acordos dos órganos de goberno do Colexio.

e) Formular recursos e peticións.

f) Examinar arquivos, rexistros e contas do Colexio.

g) Participar no uso e desfrute dos bens do Colexio e dos servizos que este teña establecidos.

h) Levar a cabo os traballos admisibles segundo o número 27 do artigo 4 que sexan solicitados ao Colexio por organismos oficiais, entidades ou particulares que lles corresponda de acordo coa quenda que, se é o caso, poida establecer o Regulamento de réxime interior, de acordo con criterios de transparencia, obxectividade e non discriminación entre Colexiados.

i) Propor, xunto cun número de Colexiados equivalente ao 5% do total, a inclusión de calquera asunto que se vaia tratar na orde do día das asembleas xerais e territoriais. Para exercer este dereito será necesario que os Colexiados solicitantes lle dirixan escrito asinado por todos eles, acompañado de fotocopia do DNI, ao decano-presidente, ou decano territorial, de ser o caso. Os ditos escritos deberán presentarse na sede do Colexio antes do 31 de decembro.

j) O Colexio disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, os Colexiados poidan realizar todos os trámites necesarios para a Colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no Colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia. A través deste portelo único poderase realizar de xeito gratuíto todo o contido no artigo 4.22 dos presentes estatutos.



2. As sociedades profesionais inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais serán titulares dos dereitos establecidos nestes estatutos para os colexiados como persoas físicas, con excepción dos dereitos electorais e de participación nos órganos de goberno do Colexio.

3. O Colexio, por petición dos colexiados ou das sociedades profesionais, e sempre que así o manifieste expresamente o cliente do servizo final, poderá realizar un control de calidade do traballo profesional cuxo procedemento se regulará no Regulamento de réxime interior.

4. Os colexiados e as sociedades profesionais poderán exercer cantos dereitos se deduzan destes estatutos ou das disposicións vixentes.

## TÍTULO V

### Do réxime económico

#### Artigo 48. *Patrimonio e estado de contas.*

1. O patrimonio do Colexio está formado polo conxunto de bens mobles ou inmobles, adquiridos por calquera título, pertencentes a este. A inscrición rexistral destes farase a favor do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, servizos centrais e domicilio fiscal en Madrid. Queda expresamente prohibida a inscrición destes bens polas delegacións territoriais.

2. Estarán á disposición dos colexiados que o soliciten, así como dos membros da Xunta Reitora ou da Xunta de Goberno Territorial, os estados de contas, a comprobación de saldos e o libro de inventario de recursos extraordinarios. Calquera consulta ao respecto farase por escrito e seguiranse as normas que se establezan no Regulamento de réxime interior.

#### Artigo 49. *Cotas colexiais.*

A Asemblea Xeral do Colexio, por proposta da Xunta Reitora, fixará, con respecto aos orzamentos presentados e aprobados, as cotas que deben satisfacer os colexiados para o mantemento dos servizos centrais do Colexio, así como o correspondente ás respectivas delegacións territoriais e ao control de calidade.

#### Artigo 50. *Recursos económicos ordinarios e extraordinarios.*

O Colexio contará con recursos económicos ordinarios e extraordinarios.

1. Os recursos ordinarios proceden:

a) Das cotas que por colexiación ou entrada satisfagan os colexiados.  
b) Das cotas periódicas que coticen estes, ordinarias ou extraordinarias.  
c) Dos dereitos económicos que lle corresponda devindicar ao Colexio en concepto de cota de intervención profesional polo visado dos traballos que realicen os colexiados no exercicio da profesión.

d) Dos ingresos que se poidan obter pola venda de publicacións, impresos, subscricións, así como pola expedición de certificacións e a realización de ditames, asesoramento ou análogos que lle sexan solicitados ao Colexio.

e) Das rendas dos bens de toda clase que posúa o Colexio.

f) Das cantidades que se puideren acordar para realizar a inscrición da constitución das sociedades profesionais e dos demais actos inscribíbles destas.

2. Os recursos extraordinarios do Colexio serán:

a) As subvencións, usufrutos, donativos ou calquera clase de axuda económica que o Estado e outras administracións públicas, entidades privadas e particulares lle concedan ao Colexio.

b) Os bens, mobles e inmobles, que por herdanza, doazón ou calquera outro título lucrativo pasen a formar parte do patrimonio do Colexio.

c) As cantidades que por calquera outro concepto non especificado poida percibir o Colexio.

## TÍTULO VI

### Do persoal do Colexio

#### Artigo 51. *Empregados.*

1. O Colexio disporá dos empregados suficientes para o adecuado funcionamento dos distintos servizos encomendados e demais funcións administrativas.

2. A súa relación laboral rexeráse, no non previsto especialmente, polo convenio colectivo correspondente e, supletoriamente, polo Estatuto dos traballadores.

3. A súa contratación, conforme criterios de selección obxectiva, decidiráa a Xunta de Goberno e será subscrita polo secretario xeral, que ocupará o cargo de xefe de Persoal.

4. A contratación de persoal adscrito ás delegacións territoriais ou autonómicas será decidida pola Xunta de Goberno, por proposta da Xunta de Goberno Territorial ou do decano territorial, e será subscrita polo secretario xeral.

5. Dependerán para todos os efectos do secretario, que ocupará o cargo de xefe de Persoal.

## TÍTULO VII

### Do réxime disciplinario, distincións e recompensas

#### Artigo 52. *Réxime disciplinario.*

1. O Colexio sancionará todos aqueles actos dos colexiados que constitúan infracción culposa dos presentes estatutos, do Regulamento de réxime interior ou dos acordos adoptados polos seus órganos de goberno.

2. As sociedades profesionais inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio encóntranse sometidas ao réxime disciplinario que se regula nestes estatutos e poderán ser sancionadas no suposto de que contraveñan as normas que están obrigadas a cumprir.

#### Artigo 53. *Infraccións.*

1. As infraccións, polas que disciplinariamente poderán ser sancionados os colexiados, clasifícanse en leves e graves.

2. Son infraccións leves as consistentes no incumprimento negligente de preceptos estatutarios ou de acordos dos órganos colexiais.

3. Son infraccións graves:

- a) O incumprimento doloso de preceptos estatutarios ou de acordos dos órganos colexiais.
- b) As ofensas graves á dignidade da profesión ou ás regras éticas que a gobernan.
- c) O impagamento reiterado de calquera tipo de cotas en dúas ocasións.
- d) Ser condenado por delito doloso a penas de inhabilitación especial para o exercicio profesional ou absoluta.

e) A comisión reiterada de infraccións leves. Considerarase reiterado cometer tres infraccións leves.

f) As faltas de respecto cara a compañeiros con ocasión do exercicio profesional, así como contra as persoas que ocupan cargos no Colexio cando actúen no exercicio das súas funcións, perante testemuñas, de forma verbal ou escrita.

g) O incumprimento fidedigno do código deontolóxico no referido a clientes e usuarios.

h) O incumprimento polos socios profesionais da obriga de instar a inscrición da sociedade profesional e demais actos inscribíbles cando estes fosen obrigatorios.

i) Atentar contra os intereses dos consumidores e usuarios dos servizos do Colexiado.

4. Terán a consideración de infraccións graves imputables especificamente ás sociedades profesionais:

a) Non adaptar o seu contrato social e os seus estatutos á Lei de sociedades profesionais e non solicitar a súa inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais.

b) Non proceder a regularizar as situacións de incompatibilidade ou inhabilitación dos socios profesionais no prazo establecido na lei.

c) Será considerada infracción grave imputable á sociedade profesional non ter contratada unha póliza de seguro que cubra as responsabilidades en que poida incurrir no exercicio da actividade ou actividades que constitúen o obxecto social.

Artigo 54. *Tipo de sancións.*

1. As sancións que se poidan impor aos Colexiados serán:

a) Apercibimento verbal.

b) Apercibimento por escrito.

c) Reprensión privada.

d) Reprensión pública.

e) Suspensión do exercicio profesional por un período non superior a dous anos.

f) Expulsión do Colexio, con prohibición indefinida do exercicio profesional.

2. As tres primeiras sancións aplicaranse pola comisión de infraccións leves e as restantes polas infraccións graves.

3. As sancións impostas por infraccións graves prescriben aos dous anos e as impostas por infraccións leves ao ano.

4. As sancións que se lles poidan impor ás sociedades profesionais serán:

a) Multa.

1.º En caso de infracción leve, de 100 a 1.000 euros.

2.º En caso de infracción grave, de 1.001 a 100.000.

b) Suspensión temporal de exercicio profesional por un período non superior a dous anos.

c) A baixa definitiva no Rexistro de Sociedades Profesionais con prohibición indefinida de exercicio profesional.

5. Dentro dos límites establecidos, as sancións imponense tanto aos Colexiados coma ás sociedades profesionais, atendendo ás seguintes circunstancias:

a) Intensidade do dano causado.

b) Grao de culpa.

c) Reincidencia.

d) Beneficio económico obtido polo infractor.

6. Poderase reducir a sanción ou a súa contía sempre e cando o infractor procedese a corrixir a situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinale no correspondente requirimento.

En todo caso, o réxime disciplinario seguirá o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 55. *Procedemento sancionador.*

1. As infraccións sancionaraas a Xunta de Goberno e, no seu nome, o decano-presidente do Colexio.

2. Para a imposición de sancións deberase incoar previamente o oportuno expediente. O acordo da súa iniciación compételle á Xunta de Goberno, que o adoptará por propia iniciativa, por petición razoada do decano-presidente ou do decano territorial, ou por denuncia.

3. A instrución do expediente realizaraa a Comisión de Réxime Interior, Disciplina e Deontolóxica, que nomeará no seo desta un instrutor e un secretario.

4. No expediente que se instrúa será oído o afectado, quen poderá facer alegacións e presentar cantas probas considere convenientes na súa defensa.

5. Rematado o dito expediente, a Comisión, xunto coa proposta de sanción, elevarallo á Xunta de Goberno para a súa resolución e acordo.

6. No suposto de que sexa un dos membros da Xunta de Goberno quen vaia ser expedientado, non tomará parte nas votacións para adoptar acordos en relación co dito expediente.

#### Artigo 56. *Actuacións contra as sancións.*

1. Contra as sancións disciplinarias de calquera tipo impostas pola Xunta de Goberno poderase interpor, no prazo dun mes, recurso administrativo ante a Xunta Reitora, que resolverá no prazo de tres meses. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderase recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa.

2. No caso de infraccións graves, o colexiado ou a sociedade profesional poderán solicitar o amparo do Defensor do Colexiado, figura que se establecerá regulamentariamente, que emitirá informe preceptivo pero non vinculante á Xunta Reitora no prazo dun mes.

#### Artigo 57. *Prescripción.*

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses e as graves aos dous anos.

2. As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ao ano e as correspondentes a infraccións graves aos dous anos.

3. Os prazos de prescripción das infraccións comezarán a contar desde o día da comisión da infracción e os das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en sede xudicial e, no seu defecto, administrativa, a resolución sancionadora.

4. A prescripción das infraccións interromperase por calquera actuación colexial, expresa e manifesta, dirixida a investigar a presunta infracción con coñecemento do interesado. A realización de calquera acto colexial expreso e manifesto de execución da sanción con coñecemento de interesado interromperá o prazo da súa prescripción.

5. As sancións cancelaranse ao ano se a infracción for leve e aos dous anos se for grave. Os prazos anteriores contaránse a partir do cumprimento efectivo da sanción. A cancelación supón a anulación do antecedente sancionador para todos os efectos, incluíndo o da reincidencia para os efectos do previsto no artigo 54.5 c). As sancións cancelaranse de oficio cando corresponda. Se a cancelación debeu terse producido e non se fixo, o interesado poderaa instar e o Colexio deberá proceder de inmediato. En todo caso, as sancións non canceladas que o deberían ter sido carecerán de efectos.

#### Artigo 58. *Distincións e recompensas.*

1. As distincións e recompensas, cuxa concesión corresponde á Asemblea Xeral, serán as seguintes:

a) O outorgamento de diploma, medalla, placa ou outro obxecto significativo do recoñecemento aos méritos extraordinarios do interesado ou das entidades, institucións ou organismos.

b) Solicitude, a quen corresponda, de concesión de condecoracións oficiais.

c) Aqueloutros premios de tipo económico que, propostos á Xunta Reitora, esta acorde presentarlle á Asemblea Xeral.

2. Con carácter específico establécense as seguintes distincións:
  - a) Imposición de insignia de prata.
  - b) Imposición de insignia de ouro.
  - c) Mención honorífica.
  - d) Colexiado de honra.
  - e) Diploma de honra.
3. O procedemento para a súa concesión será regulado no Regulamento de réxime interior.

## TÍTULO VIII

### Réxime xurídico dos actos colexiais

#### Artigo 59. *Actos colexiais.*

O Colexio, en canto actúe no exercicio de funcións públicas, axustará a súa actuación ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Consideraranse en todo caso como funcións públicas do Colexio o control das condicións de ingreso na profesión, a emisión de informes preceptivos ao visado e rexistro de proxectos, e a potestade disciplinaria.

A citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, aplicarase, así mesmo, de forma supletoria, en todo o non previsto pola lexislación xeral sobre colexios profesionais nin nestes estatutos.

#### Artigo 60. *Actuacións contra acordos colexiais.*

1. Contra os acordos emanados dos órganos do Colexio poderase interpor recurso de alzada ante a Xunta Reitora. Se o acordo emana da propia Xunta Reitora, o interesado poderá optar entre interpor recurso de reposición ante esta ou acudir directamente aos tribunais.

2. Tanto o recurso de alzada como o de reposición interporanse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación do acordo, se este for expreso; se non o for, o prazo será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao daquel en que se produza o acto presunto.

3. O recurso de alzada deberá ser resolto no prazo de tres meses e o de reposición no prazo dun mes; unha vez transcorrido o respectivo prazo sen se ter ditado e notificado a resolución do recurso, este entenderase desestimado.

4. En ambos os dous casos o recurso deberá ser resolto no prazo de tres meses, transcorrido o cal, poderá entenderse desestimado.

5. Unha vez esgotada a vía corporativa, os actos do Colexio suxeitos ao dereito administrativo serán susceptibles de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 61. *Nulidade de acordos colexiais.*

Son nulos de pleno dereito os actos emanados dos órganos do Colexio en que se dea algún dos seguintes supostos, tal e como se reflicte no artigo 62 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.

e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

## TÍTULO IX

### Da modificación de estatutos

Artigo 62. *Modificación de estatutos.*

Para proporlle á Administración xeral do Estado a reforma destes estatutos será necesario o acordo da Asemblea Xeral do Colexio, adoptado por maioría dos concorrentes a ela, presentes e representados.